

REGULAMENTO SANITARIO

PROCEDENCIA:

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obrigatoria para as especies receptivas que concurran ó evento.

Deberán ser transportadas en vehículos que cumpran as normas relativas a protección animal, limpiados e desinfectados antes da carga.

Asimesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

IDENTIFICACIÓN:

Os animais que concurran o evento deberán estar identificados individualmente, mediante crotal auricular autorizados dacordo co Regulamento (CE) 1760/2000, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

PROGRAMA SANITARIO:

Sólo poderán concurrir ao evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Oficialmente Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonia Contaxiosa Bovina.

Ademáis, dentro dos **30 días anteriores a celebración do evento**, os animais que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Todos os animais bovinos terán resultados negativos as probas serelóxicas de detección do antíxeno da **Diarrea Vírica Bovina (BVD)**, realizadas nun **laboratorio oficial**. Nos animais menores de 5 meses de idade, a proba realizarase no cartílagos auricular.

- 2) Os animais maiores de 24 meses terán resultados negativos as probas para a detección de anticorpos fronte ao Mycobacterium avium paratuberculosis (**Paratuberculose**), realizadas nun **laboratorio oficial**.
- 3) Os animais maiores de 5 meses que asistan ó certame, deberán presentar un resultado negativo as probas para a detección de anticorpos fronte á glicoproteína gE da Rinotraqueíte Infecciosa Bovina (IBR) realizada nun **laboratorio oficial**.

Ademáis todos os gandeiros que queiran participar coas suas rese no certame teñen que entregar un certificado de que as reses están vacunada contra a Lengua Azul.

Todos os animais que asistan serán sometidos o recoñecemento por parte dos Servicios Veterinarios Oficiais da Xunta de Galicia, que comprobarán o estado sanitario dos mesmos e a documentación sanitaria de orixe que os ampare, sendo responsable a organización do evento da admisión de animais que non cumpran os requisitos deste Regulamento.

As normas sanitarias deste Regulamento serán vixentes mentres a situación epizootiolóxica non cambie, estando suxeitas a posibles modificación que serán debidamente comunicadas.